



Gómez Besteiro: "A interinidade no PSdeG non beneficia ao noso partido, e tampouco beneficia á sociedade"

O secretario xeral do PSdeG-PSOE en Lugo afirma que "o sentir maioritario do partido" é que a elección do secretario xeral sexa antes do verán

O socialista referiuse ao debate sobre as deputacións: "Eu respecto todas as opinións, pero ata agora co único que me quedo é coa opinión que ten o meu partido e que deu no Congreso Federal e no Congreso galego hai dez meses"

O secretario xeral do PSdeG-PSOE en Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, referiuse esta mañá ás declaracións realizadas por Pachi Vázquez sobre a necesidade de elixir un novo secretario xeral por primarias a poder ser antes do verán. "Saben que a miña posición non se modificou nos últimos meses. Creo que unha vez que en novembro no Comité Nacional se traballou case de forma unánime na idea de establecer un Congreso extraordinario moi pronto, iso guste ou non guste abre un espazo de interinidade, e ese espazo de interinidade creo que non beneficia ao noso partido, e ao non beneficiar ao noso partido tampouco beneficia á sociedade", afirmou. O socialista emprazou a esta tarde, cando se celebra a Executiva Nacional en Santiago, para coñecer máis concretamente a posición do secretario xeral. "Supoño que hoxe ampliará un pouco eses comentarios dos que tivemos coñecemento a través dos medios e que presentará hoxe na Executiva esa liña hacia o futuro", apuntou.

"Nós nestes momentos temos que estar rearmándonos non só politicamente, senón tamén administrativamente. O PSOE é un partido máis necesario que nunca para a sociedade, e ademais temos que afrontar próximos retos electorais, como son as municipais, dunha forma rápida", argumentou Gómez Besteiro, que trasladou asimesmo as opinións doutros membros do partido: "Iso é o que queren tamén os alcaldes e concelleiros cos que teño falado; necesitan que esta situación se corrixa canto antes. Que ese Congreso, que esa elección da nova dirección se estableza antes do verán creo que é o sentir maioritario do partido".

Futuro das deputacións

Gómez Besteiro, que esta mañá abriu o IV Encontro de Cooperación cos Concellos, organizado pola Deputación de Lugo, sobre o futuro dos organismos provinciais e os pequenos concellos, referiuse ademais ao debate sobre a supresión das deputacións. "Eu respecto todas as opinións, pero ata o de agora eu co único que me quedo é coa opinión que ten o meu partido, que a ten manifestado en dous momentos importantes o ano pasado: en febreiro no Congreso Federal e tamén no Congreso galego hai menos de dez meses", explicou, "aí, o partido socialista fixou a súa posición con respecto ás deputacións: que teñen que ser institucións modernas, transparentes, abertas á xestión municipal e dedicadas fundamentalmente a actuacións nos concellos de menos de 20.000 habitantes, para garantir servizos básicos e fundamentais" para os concellos.

"Iso é o que o Partido Socialista de Galicia dixo, e por tanto eu quedo coa declaración que fixo o meu partido hai apenas dez meses. En todo caso, como saben son unha persoa que admite a discusión e o debate, e por tanto o que marque o meu partido no futuro será respectado por parte de quen lles está a falar, pero en canto aos cambios de opinión, teñen

que permitirme que non faga unha valoración sobre iso, senón sobre o que opina o meu partido a día de hoxe”, incidiu. “Se no futuro se cambia a opinión, mentres estea neste partido, e espero estar moito tempo, respectarei o que o meu partido diga, pero ata hoxe as deputacións están consagradas polo partido, loxicamente cunha idea de modificar e adaptarnos a unha realidade, que ten que defender sempre, e isto é importante, o interese local. Non respondemos a un interese autonómico nin estatal, é un interese do municipalismo, que é onde o partido socialista afonda nas súas raíces máis profundas”, dixo.

Elección do secretario xeral

En canto á elección do secretario xeral por primarias, o secretario xeral lucense reafirmouse na mesma liña que nas últimas semanas. “A miña opinión quedou clara en decembro, paréceme que a elección do secretario xeral debe facerse a través da máxima un militante un voto, porque iso fortalece ao secretario xeral e, por tanto, fortalece ao partido socialista. Eu niso tampouco cambiei de opinión, por tanto paréceme que é un camiño axeitado, hai que facer o esforzo para que iso sexa así e en todo caso e que o militante saiba sempre a que estamos a xogar, que estamos a defender con transparencia e maior participación”. Gómez Besteiro falou tamén sobre a apertura deste proceso de elección: “Eu xa din a miña opinión en decembro, e polo tanto agora, cando se abra outro escenario, terán coñecemento de min seguro”, afirmou.

Lugo, 28 de xaneiro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013
psoeprovinciallugo@gmail.com